

XAXA

(Axencia de viaxes)

“Embárcate nas ondiñas do turismo”

3BG1



Turismo e patrimonio rianxeiro

Unha campaña organizada por persoas habitantes da vila mariñeira de Rianxo cun obxectivo común. Temos como meta conseguir atraer unha gran cantidade de turistas á nosa terra para poder transmitir a nosa singular (ademais de interesante) cultura a persoas adoitadas a vivir e a experimentar unicamente paisaxes urbanas e cun alto desenvolvemento tecnolóxico (realizando un importante contraste entre o mundo rural mariñeiro e urbano), con todo o que iso inclúe: lugares destacados, gastronomía, música e arte. A nosa empresa é coñecida como XAXA Turismo. Esta axencia ten unha única sucursal en Rianxo, que conta con sete empregados e que leva aberta dende hai tres anos, no ano 2020. XAXA tamén pretende mellorar o noso desenvolvemento e futuro, comezando con esta campaña.

Concretamente, esperamos que a nosa campaña alcance a unha parte da poboación: os habitantes das zonas urbanas de España. Queremos, a través da nosa publicidade, que esta xente se sinta atraída polo mundo rural e mariñeiro. En xeral, queremos promocionar algúns dos nosos máis prestixiosos negocios e lugares de recreo e tamén as nosas envexables paisaxes naturais para poder potenciar os servizos que xa ofrecemos na actualidade. Estamos organizando quince días de máximo esplendor rianxeiro nos que visitaremos diversas localizacións icónicas do pobo (Castelo da Lúa, Praia de Tanxil, Casa de Manuel Antonio) e tamén das súas parroquias (Asados, Taragoña, Araño). Ademais, contamos cun obxectivo principal para mellorar a nosa sociedade: queremos doar parte do diñeiro resultante desta iniciativa a asociacións en contra do maltrato animal. A nosa axencia de viaxes ten unha única sucursal en Rianxo, que conta con sete empregados e que leva aberta dende hai tres anos, no ano 2020.

Durante os quince días que durará a nosa campaña, temos pensado realizar unha xornada con diversas clases de actividades nalgúns dos lugares anteriormente mencionados, todo isto cun custo a concretar que, por agora, terá un prezo arredor dos 300 € a totalidade dos quince días, e se só queres gozar dalgúns días en específico desta campaña serán 20 € cada xornada (este prezo pode variar dependendo das circunstancias que se dean).

No primeiro día (pola mañá) haberá unha visita guiada (con expertos do Barbanza) ao Castelo da Lúa, na que se explicara con todo luxo de detalles as súas orixes, evolución e o seu estado actual e despois irase ata o centro da vila e ofertarase unha comida (xa pagada) no restaurante O Furancho.

No segundo día, iremos ata a praza do Concello, na que se organizará un concerto no que actuará un grupo de música tradicional galega, sendo neste caso un grupo de artistas tradicionais galegas dunha vila próxima a Rianxo.

No terceiro día, comenzaremos indo ata a casa museo do destacado escritor Manuel Antonio coa compañía dunha guía especializada para logo seguir dando unha volta pola ribeira, mentres observamos o esplendoroso mar e os coidados xardíns.

No cuarto día (pola noite) ofertaranse uns pratos de empanada de mexillóns no restaurante O Berberecho, despois de acudir a unha parodia titulada "As noites de María" no auditorio de Rianxo, presentada polo coñecido director de cine Antón García.

No quinto día, pola tarde, desfrutarase dun paseo pola aldea de Rianxiño e visitarase o museo do mar de forma libre.

No sexto día, empregaremos un autobús para chegar ata o Río Té (en Asados), onde pasearemos pola beira da auga. Despois, realizarase un pícnic proporcionado pola nosa axencia.

No sétimo día, visitaremos o porto de Rianxo, e un guía falaranos sobre a historia deste lar e ensinaranos as técnicas de pesca sostible deste pobo. Acabaremos comendo no náutico e tendo o resto da tarde libre.

No oitavo día, aproveitando as boas previsións, iremos ata a Praia de Tanxil para observar unhas fotografías dun veciño do lugar do ano 1950, na que se pode ver a grande evolución que tivo esta zona de Rianxo. Despois desta demostración (as persoas que queiran) desfrutarán dun baño nas tranquilas e coidadas augas da Ría de Arousa.

No noveno día coñeceremos a Castelao visitando todos os seus monumentos homenaxes e por último, coñeceremos a súa casa.

No décimo día visitaremos a igrexa, na que un veciño nos ensinará todas as súas partes e explicará as diversas historias cristiáns. Pola tarde elaboramos unha merenda na biblioteca. Finalmente gozaremos dunha noite máxica de Jazz na praza de Rafael Dieste.

No décimo primeiro día realizaremos ao longo do Río Ulla, tanto no Concello de Rianxo, como en Catoira, o Vía Crucis Marítimo que conforma a Ruta Xacobeá polo Mar de Arousa e o Río Ulla.

No décimo segundo día visitaremos o pico muralla, no cal se encontra un gran miradoiro cunhas magníficas vistas de toda a ría, e onde poderemos presenciar un espectacular atardecer.

No décimo terceiro día acudiremos ao polideportivo de Rianxo, onde se organizarán diversas actividades deportivas. Logo iremos ata o liceo, no cal poderemos gozar dunha noite de baile.

No décimo cuarto día, pola mañá traballaremos nun taller de pandeireta no que ensinarán os principais pasos para aprender a tocala, e escoitarán un pequeno concerto organizado polos integrantes da escola de música de Rianxo. Finalmente, poderán participar no serán da tarde, no pazo das Monxas.

O último día da nosa campaña, para rematar os quince días máxicos por Rianxo, faremos a espectacular ruta das Trece Cruces, na cal prima a natureza. Ao chegar ao final da ruta, os nosos guías contarannos a terrible historia do afundimento dun barco nese lugar, en Isorna.

Guión do anuncio

O anuncio publicitario consiste nunha situación cotiá na que dous xoves universitarios entran na causa dun amigo deles para contarlle que están planeando ir de vacacións ata Rianxo coa axencia de viaxes XAXA Turismo.

Xoel Martínez e Xiana chamando á porta da casa de Xoel Castaño.

- Xoel Castaño: Vou.

Xoel Castaño vai abrir a porta e entran Xiana e o outro Xoel e se dirixen cara ao salón da casa.

- Xoel Castaño: Que tal o adestramento?

- Xiana e Xoel Martínez: Ben.

- Xoel Castaño: Vide, que Luísa está esperando.

Tempo despois, están sentados nun sofá mentres falan da súa vida. Nun intre, chegan a falar sobre o tema de XAXA Turismo, xa que dous dos protagonistas tiñan falado o de ir de viaxe no verán con XAXA turismo, como non se acordaban ben do nome dixeron entre os dous o pegadizo slogan.

Xoel Castaño: E esa organización que ten un slogan que di...

Alba e Xoel Castaño: Embárcate nas ondiñas do turismo.

Alba: Ensínalle a Xiana a conta de XAXA turismo.

Xiana: Rapaces, estamos vendo un anuncio dunha empresa que ofrece unha viaxe ata a vila de Rianxo. Chamamos?

- Obsérvase dende o teléfono móbil de Alba, imaxes e vídeos de algúns dos lugares que podes visitar en Rianxo, e logo pasarase a unha pantalla completa, onde se verá a montaxe con planos en diferentes sitios de Rianxo.

-Ao acabar a secuencia de vídeos os catro protagonistas marchan emocionados pola viaxe, e a nai de un deles espéraos no portal para levalos ao seu destino: Rianxo.

- Móstrase un texto no que se indica o noso valor engadido (doazón de parte dos cartos a unha asociación en contra do maltrato animal). O texto dirá o seguinte: Dende XAXA Turismo queremos doar parte dos nosos cartos a organizacións en contra do maltrato animal. O (20%) dos beneficios que obteñamos van ir destinados a CAADS (cos animais a onde sexa).

3BG1

Xoel Castaño Abuín

Adela Cespón Gómez

Alba Martínez Faña

Xoel Martínez Ordoñez

Xiana Rodríguez Rodríguez